

IV Concurso de Fotografía convocado polo Museo Liste de Vigo 2017

Bases

1. **Aspectos xerais:** IV convocatoria do Concurso de Fotografía convocado polo Museo Liste de Vigo co gallo da celebración do Día Internacional dos Museos, co que se pretende fomentar o coñecemento e a creatividade a través da práctica da fotografía co fin de destacar variados aspectos históricos e etnográficos da nosa cidade.

As fotografías a concurso serán valoradas atendendo, principalmente, a tres criterios:

- Estético: valorarase a beleza da fotografía e a sensibilidade á hora de recoller certos aspectos que singularicen e dignifiquen o elemento fotografado.
- Técnico: valoraranse aspectos puramente asociados á técnica desta arte.
- Documental: valorarase que as fotografías presentadas acaden o valor de documento gráfico como forma de recoller e difundir coñecemento.

2. **Temática: “Arquitectura da cidade de Vigo”.** O tema proposto para este ano ten a intención de recoller testemuñas arquitectónicas cos máis diversos criterios. Os participantes poderán atender a calquera aspecto arquitectónico que consideren: edificios de estilos determinados, restauracións ou rehabilitacións, feismo arquitectónico, urbanismo, arquitectura popular e construcións adxectivas, ... Os elementos fotografados deberán estar presentes a día de hoxe na cidade. Han de ser fotografías actuais realizadas ex profeso para o concurso. É imprescindible que xunto cos datos do participante aparezan identificados coa súa localización os elementos fotografados.
3. **Participantes e número de obras:** poderá participar todo aquel que o desexe con un número máximo de tres fotografías, se ben nunca recaerán dous premios no mesmo participante.

4. **Categorías:** establécense dúas categorías de participación:

1º categoría: participantes ata 18 anos.

2º categoría: participantes a partir dos 18 anos.

5. **Premios:** establécense 3 premios por categoría. Os autores das obras gañadoras recibirán unha figura conmemorativa e a exposición da súa obra durante un período de 15 días na sede da Fundación Liste - Museo Etnográfico de Vigo.

Aínda que o concurso convócase co gallo do Día Internacional dos Museos, a entrega de premios e a inauguración da exposición das fotografías premiadas realizarase o día 17 de maio, “Día das Letras Galegas” a partir das 12:30 h. na sede do Museo por ser festivo na nosa Comunidade.

- 6. Presentación das obras, identificación e envío:** As fotografías serán enviadas por correo electrónico en arquivos axuntos de xeito individual (un arquivo por fotografía). O seu tamaño deberá ser de 2362 x 3543 píxeles, ou ben 20 x 30 cm. cunha resolución mínima de 300 puntos por polgada e en formato jpeg. Non se admitirán fotomontaxes.

As fotografías serán enviadas en arquivo axunto cuxo nome será o título da mesma, mentres que no texto da mensaxe especificaranse os datos do participante que deberán incluír: categoría na que participan (idade se é menor de idade); nome e apelidos do concursante; dirección postal (domicilio, código postal, poboación, provincia); dirección de correo electrónico e teléfono de contacto; título da foto e lugar de realización da mesma.

O enderezo de envío é: didactica@museoliste.org. Será enviado correo de confirmación de recepción.

Todas as obras presentadas deberán ser orixinais, inéditas e non premiadas con anterioridade en ningún concurso.

É imprescindible o cumprimento das devanditas bases.

- 7. Prazo de admisión das obras:** ata o 25 de abril de 2017.
- 8. Selección de obras, xurado e fallo:** o xurado encargado de seleccionar as obras gañadoras estará formado por expertos en fotografía, membros do padroado da Fundación Liste e persoal técnico do Museo. **O fallo do xurado será comunicado aos gañadores vía telefónica e publicado na páxina web do Museo e en prensa a partir do 12 de maio de 2016.**

9. Outros:

- Cesión dos dereitos de reprodución das fotografías gañadoras sempre que se mencione o autor e teña como fin a divulgación e promoción cultural e, en calquera caso, sen ningún tipo de beneficio económico.
- Os autores responsabilizaranse da autoría e orixinalidade das obras presentadas así como de que non existan dereitos de terceiros sobre as mesmas e de calquera reclamación que por dereitos de imaxe puidera formularse.
- O feito de participar implica a aceptación íntegra das presentes bases.
- En todo aquilo non previsto nestas bases, a Fundación Liste - Museo Etnográfico de Vigo resolverá o que proceda.

- 10. Información:** a través dos teléfonos 986244698 ou 986236767 e a través do enderezo didactica@museoliste.org.